

Roteiro cultural 2012



IES Miraflores



Bibliotecas Públicas
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

Organización: Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros, Servizo de Normalización Lingüística e IES Miraflores

Asesoramento e supervisión: Departamento de Lingua e literatura galega do IES Miraflores, Servizo de Normalización Lingüística e Biblioteca Central Rialeda


Coordinación: Rosa García Vilariño, Mercedes Agra e Biblioteca Central Rialeda

Participación: alumnado de 1º de bacharelato

Realización: María Cabrero, Antía Casanova, Luis Martínez, Sofía Carreira, Rubén Vaamonde, Roberto Suárez, Iván Vazquez, Alejandro Sánchez, Iago Iglesias, Nicolás Berti, Pablo Balado, Raquel Pateiro, Antía Bello e Iago González do IES Miraflores.

Deseño e maquetación: Departamento de Comunicación do Concello de Oleiros

Edición: Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros e Servizo de Normalización Lingüística




ROTEIRO CULTURAL E LITERARIO


2012



Castelo de Santa Cruz
(Residencia da condessa e escritora Emilia Pardo Bazán)



Casa Casilda
(Residencia da xomalista Sofía Casanova)



Pazo do Río
(Residencia da actriz María Casares)



Pazo A Carballeira
(Residencia da escritora Juana de Vega)





ROTEIRO CULTURAL E LITERARIO

Emilia Pardo Bazán e o castelo de Santa Cruz

Sofía Casanova e Mera

Juana de Vega e o pazo da Carballeira en Nós

María Casares, o pazo do Río e villa Galicia en Montrove

Esta actividade organízase entre o Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais, o Servizo de Normalización Lingüística e o IES Miraflores.


Consiste no percorrido por distintos lugares do municipio nos que viviron diferentes mulleres ilustres, como unha homenaxe a todas elas. Comezamos no castelo de Santa Cruz coa condesa e escritora Emilia Pardo Bazán, trasladámonos a Mera á residencia de veraneo da xornalista Sofia Casanova, posteriormente desprazámonos a Nós ao pazo da escritora Juana de Vega, para rematar en Montrove no pazo e na casa onde pasou parte da súa infancia a actriz María Casares.

Os obxectivos que se pretenden conseguir son:

- Dar a coñecer diferentes mulleres ilustres que viviron no Concello de Oleiros.
 - Mellorar o coñecemento de diferentes espazos do termo municipal de Oleiros.
 - Promover a lectura.
- 

“Cuando la Mayorazga fue mujer hecha y derecha, su padre hizo el viaje a la clásica feria de Monterroso, que convoca a todos los sportsmen rurales, y ferió para la muchacha una yegua muy cuca”

La mayorazga de Bouzas, Emilia Pardo Bazán



E

milia Pardo Bazán, filla única dunha familia aristocrática, nace na Coruña no ano 1852 e morre en Madrid en 1921. Para o seu tempo recibiu unha coidadosa educación e desde moi nena amosou unha gran afección pola lectura.

As circunstancias políticas do pai -deputado liberal- levan a familia a pasar tempadas en Francia e a viaxar por Europa. Así dona Emilia coñecía e falaba francés, inglés e alemán e ademais foi pioneira, con grande escándalo na sociedade da súa época, da divulgación e defensa do estilo naturalista coa publicación do seu ensaio *La cuestión palpitante*.

Como persoa independente, separouse do seu home e mantivo un longo romance con Benito Pérez Galdós, vai ser precursora de ideas feministas amais de valente defensora

da educación para a muller. Por iso sempre atopou obstáculos para lograr o recoñecemento dos ambientes intelectuais. A escritora mantivo interesantes e agres polémicas con Unamuno, Pereda, Juan Varella, Clarín e Manuel Murguía. Curros Enríquez sitúaa no vagón da envexa na súa obra *O divino sainete*, pola fría acollida que dona Emilia prestou ao Rexurdimento. E por último, a Real Academia Española negoulle os votos necesarios para ser membro desta xuntamente con Gertrudis Gómez de Avellaneda.

A súa achega á literatura española pasa por obras imprescindibles como *Los pazos de Ulloa*, *La madre naturaleza*, *De mi tierra*, *Morriña* e contos de toda tipoloxía e de gran factura que a consagran como excelente narradora.

Dona Emilia Pardo Bazán casou e gozou os veráns no pazo de Meirás creando nel unha importante e ampla biblioteca.


No municipio de Oleiros contamos co castelo de Santa Cruz que mercou o seu home en poxa pública. Foi restaurado pola familia que o vai converter na súa nova residencia de verán. Máis tarde quedaralle en herdo á súa filla Branca Quiroga que o doará, no ano 1939, á arma de cabalería co fin de que se dedique a casa de colonias dos orfos de guerra. Ata 1978 albergou no verán orfos do exército, para despois desta data quedar abandonado. En 1989 foi mercado polo

Concello de Oleiros para que toda a cidadanía puidese gozar deste lugar emblemático e se convertese nun centro de referencia na educación ambiental en Galicia, que é ao que se dedica na actualidade: Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA). Foi declarado Ben de Interese Cultural. O seu grande interese histórico, xunto coa súa beleza natural e paisaxística, fan deste lugar unha paraxe extraordinaria.



BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- ALBERT ROBATTO, Matilde. *Rosalía de Castro y Emilia Pardo Bazán*. Edicións do Castro
- COOK, Teresa. *El Feminismo en la novela de la Condesa de Pardo Bazán*. Deputación Provincial da Coruña
- FAUS SEVILLA, Pilar. *Emilia Pardo Bazán: su época, su vida, su obra*. Fundación Barrié de la Maza
- FERNÁNDEZ CUBAS, Cristina. *Emilia Pardo Bazán*. Omega
- GÓMEZ DE LA SERNA, Ramón. *Emilia Pardo Bazán*. Trifolium
- MARTÍN, Elvira. *Tres mujeres gallegas del siglo XIX: Concepción Arenal, Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán*. Aedos
- PAREDES NÚÑEZ, Juan. *La realidad gallega en los cuentos de Emilia Pardo Bazán: (1851-1921)*. Edicións do Castro
- RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Ana Rosa. *La cuestión feminista en los ensayos de Emilia Pardo Bazán*. Edicións do Castro
- VARELA JÁCOME, Benito. *Emilia Pardo Bazán*. Vía Láctea
- <http://www.ceida.org/castelo-santa-cruz.html>



“Todo o que vostede recorda son horas vivas no meu corazón e esa devoción por a nosa condesa gloria da Patria, como por a nosa inmortal Rosalía e doña Concepción Arenal que tanto ben fixo nas prisiones es tamén miña, así coma a que sento por a miña amiga poetisa Filomena Dato”



Sofía Casanova. Mito y literatura, Rosario Martínez Martínez



ofia Pérez Eguía e Casanova de Lutoslawski nace en Almeiras - Culleredo, A Coruña, en 1861 e morre en Poznan, Polonia, en 1958.

Desde moi cedo trasladouse coa súa familia a Madrid, onde comezou a desenvolver a súa vocación literaria. Cando casa co filósofo e profesor Vicente Lutoslawski, de familia aristocrática de Polonia, Sofia Casanova era xa escritora coñecida entre os círculos intelectuais da Corte. Coa súa vida e estancia en Polonia, desde a súa orixe e experiencia galegas, vai comprender e valorar os azos da nación polaca en procura da súa identidade e liberdade.

Malia este afastamento da súa terra e estancia en varias capitais europeas, a familia polaca composta polo matrimonio e dúas fillas, adoita pasar os veráns en Galicia, parando en diferentes casas de Mera. Unha delas é a

chamada casa das Chulucas e outra preto da capela de Santa Ana. Finalmente acaba establecéndose na casa coñecida como de “Casilda” onde viviu arredor de dous anos, 1896-1898. Aquí nacerá a única filla galega, Halina, que recibirá da súa nai o alcume de “a meracha”, xentilicio de Mera. No plano persoal, o seu marido ante o delirio de ter un fillo varón, desexaba un fillo- mesías para salvar a Polonia, abandona a escritora e as tres fillas, que pasarán enormes dificultades económicas.

En 1906, ano da creación da Real Academia Galega, pasa a ser membro desta e en 1952 concédeselle o título de Académica de honor. A vinculación cultural con Galicia espállase na propia biografía e en toda a súa obra. Mantén contactos e simpatías co galeguismo coruñés, a chamada Cova Céltica, representado entre outros por Murguía, Lugrís, Vilar Ponte etc. Publica na prensa galega e madri-

leña, evoca e recrea a Galicia tanto na poesía coma na prosa e mesmo o seu relato *Princesa del amor hermoso* de 1909 contará con ilustracións de Afonso R. Castelao.

É de destacar tamén ademais a súa amizade con escritoras e mulleres independentes da súa época. Tanto con dona Emilia Pardo Bazán, como con Eulalia de Liáns e Filomena Dato mantivo amizade e contacto pois todas elas coinciden pola nosa contorna.

Sofía Casanova dominaba oito idiomas, publicou unha extensa obra narrativa e poética, traduciu ao español escritores rusos e polacos e impartiu numerosas conferencias nas que mantivo actitudes feministas, liberais e pacifistas. Os seus constantes desprazamentos por toda Europa convértena en testemuña dos principais acontecementos históricos da primeira metade do século XX, tanto para a 1ª Guerra Mundial coma para a segunda. O ABC, La Época, El Imparcial de Madrid, a

revista Galicia e a prensa internacional a Gazeta Polska e mesmo The New York Times contan coas súas crónicas. Sobre o seu labor xornalístico, o tamén periodista e escritor galego Curros Enríquez, gaba o seu estilo orixinal, realista e descritivo.

A súa morte en Polonia en 1958 obtivo importante eco en toda a prensa española da época, aínda que máis tarde a súa figura quedou un tanto esquecida. Hoxe, Sofía Casanova forma parte das mulleres pioneiras que loitaron pola presenza feminina na sociedade, e que lle ofreceu a súa obra inmortal.




BIBLIOGRAFÍA

- MARTÍNEZ MARTÍNEZ, Rosario. *Sofía Casanova: mito y literatura*. Xunta de Galicia
- OSORIO, Olga. *Sofía Casanova*. Xunta de Galicia



“No he recibido mi educación en el alcázar de los reyes, sino en la casa de mis padres. . . con más virtudes, amor a su patria y elevación de sentimientos de lo que es común en los tiempos que alcanzamos.”

Memorias íntimas de Juana de Vega. Ed. José Antonio Durán



J

uana de Vega naceu na Coruña no ano 1805 no seo dunha familia liberal e ilustrada, de quen recibiu o seu herdo liberal e mais unha erudita formación en humanidades e letras. Con 16 anos casa co xeneral Francisco Javier Espoz y Mina, heroe da Guerra da Independencia e cuxas ideas liberais os obrigarán a exiliarse por mor da volta de Fernando VII ao poder.

O matrimonio reúnese en Gran Bretaña onde vivirá con idas e voltas un longo exilio. Neste período Juana de Vega vaise converter nunha madura muller políglota, con destacado activismo político para o bando liberal. Sendo consciente da historia e do que está a vivir escribe as Memorias do Xeneral Francisco Espoz y Mina que vai publicar en cinco tomos, a partir de 1851 coma se fosen do xeneral pero que son redactadas e preparadas por ela mesma.

Tras a morte do seu home, Juana de Vega segue a ser referente e figura central do liberalismo progresista polo que entre os anos 1841 e 1843 vai exercer de aia e camareira mor de palacio das infantas Isabel, máis tarde Isabel II, e de súa irmá Luisa Fernanda nun intento de influír positivamente na educación destas. No libro *Historia interior de palacio* recolle a súa experiencia e volve ofrecer un texto histórico de vital importancia para a historia de España.

De volta á Coruña, Juana de Vega segue a desempeñar un importante papel activo, político, social e cultural. Desde o plano cultural vai ser unha das organizadoras dos I Xogos Florais de Galicia, celebrados na Coruña e desde o plano social xuntamente con Concepción Arenal funda un padroado de señoras para a visita e ensino dos presos. Tamén coa xurista ferrolá coincide na necesaria capacitación agrícola e innovación agraria que cría tan necesarias para Galicia.



E así, por mor desta preocupación, Juana de Vega que morre en 1872, vai deixar os seus bens para dar cumprimento ao seu ideal de formación agraria, innovación e desenvolvemento de Galicia tal como se recolle nos estatutos da Fundación Juana de Vega, situada no pazo da Carballeira, na parroquia de Nós que sela a súa unión co noso concello.



BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- DURÁN, José Antonio. *Los Vega: memorias íntimas de Juana de Vega, condesa de Espoz y Mina (Coruña, 1805-1872)*. Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales (SECC); Fundación “Juana de Vega”; Taller de Ediciones J. A. Durán
- KÜKN-BODE, Heidi. *Tres mulleres do seu tempo*. Baía
- RODRÍGUEZ MANEIRO, Manuel. *Juana de Vega, entre Acevedo y San Pedro de Nós: vida y obra de una mujer ejemplar*. Trifolium
- <http://www.juanadevega.org/es/>



“As imaxes de Galicia ficaron intactas na miña memoria; aquelas da primeira infancia e aquelas que se viñeron sobrepor a estas, colleitas dos tres meses de vacacións que me devolvían cada ano a Montrove.”

Residente privilegiada. María Casares. Tradución de Ana Belén Martínez Delgado





María Victoria Casares Pérez nace na Coruña en 1922 e morre en La Vergne, Charante, Francia en 1996. O seu pai, Santiago Casares, fora ministro de Mariña, de Defensa e finalmente en maio de 1936 xefe do goberno da República, baixo a Presidencia de don Manuel Azaña. Mais xa no mes de novembro do mesmo ano a causa da Guerra Civil a familia busca refuxio en Francia.

María Casares pertence á alta burguesía liberal coruñesa e como outras pasa os seus veráns en Montrove e goza das augas da praia de Bastiagueiro. Nas súas memorias *Residente privilexiada* evoca os tempos vacacionais aquí vividos, os seus xogos infantís, a vida da familia. Ata mediados dos anos vinte veraneaban no denominado pazo do Río e despois en villa Galicia, que foi o

lugar que coñeceu mellor.

A partir de 1936 a vida de María Casares transcorre no exilio e non vai regresar a España ata 1976 tras a morte do ditador. En Francia realizou unha carreira dramática no cine e no teatro de máximo interese. Ela vai ser a intérprete de películas clásicas como *Les enfants du paradis* de Carné, *Les dames de Boulogne* de Bresson e a inesquecible *Orfeo* de J. Cocteau. Para o teatro destácase a súa colaboración con Albert Camus en *O malentendido* e en *Estado de sitio*, con Sartre, con Jean Vilar etc.

Máis tarde vanlle chegar todos os honores tanto desde Francia como España: a Lexión de Honor, premio Molière e Nacional do teatro francés, Medalla de Belas Artes, Castelao etc. Hoxe en La Vergne, a súa memoria pervive na súa finca de Allou convertida en Maison du Comédien María Casares.

En Galicia, os Premios Nacionais de Teatro levan o seu nome e en Oleiros, unha rúa, en Santa Cruz e o centro de ensino secundario IES María Casares gardan o seu recordo, centro no que tamén teñen un blog denominado Vitola: Caderno do ENDL do IES María Casares <http://www.blogoteca.com/vitola/> no que explican que con ese título queren facer unha pequena homenaxe a María Casares, adoptando o seu apelativo familiar de nena/moza.



BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- CASARES QUIROGA, Santiago. *Cartas no exilio: correspondencia entre Santiago Casares Quiroga e María Casares (1946-1949)*. Baía
- CASARES, María. *Residente privilexiada*. Trifolium
- ESTÉVEZ, Arantxa. *María Casares*. A Nosa Terra
- FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos. *Casares Quiroga: una pasión republicana*. Edicións do Castro
- KÜKN-BODE, Heidi. *Tres mulleres do seu tempo*. Baía
- PARRILLA, José Antonio. *Casares Quiroga y La Coruña de su época 1900-1936*. Concello de A Coruña
- VV.AA. *Santiago Casares Quiroga: la forja de un líder*. Emilio Grandío Seoane e Joaquín Roderó ed. Eneida
- <http://www.edu.xunta.es/centros/iesmariacasares/>
- <http://www.blogoteca.com/vitola/>



Bibliotecas Públicas Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

■ Biblioteca Central Rialeda:
Avda. Rosalía de Castro, 227A
15172 Perillo - Oleiros
Telf.: 981 639 511- Fax: 981 639 996
biblioteca.rialeda@oleiros.org

CATÁLOGO DO FONDO BIBLIOGRÁFICO ▼

<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

Visita o noso blog:
<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

www.oleiros.org

Agradecementos:

Queremos expresar o noso agradecemento ás persoas que permitiron fotografar os distintos edificios e ás que cederon fotografías para poder incorporalas a esta publicación.





Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística



Bibliotecas Públicas
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

IES Miraflores



**I PLAN
IGUALDADE
OLEIROS**